

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo Central de Recadación

Modificación do establecemento de dous períodos de pagamento en período voluntario para os recibos emitidos pola Deputación da Coruña publicado no BOP núm. 58, do 29 de marzo de 2021

CORRECCIÓN DE ERRO DO ESTABLECIMENTO DE DOUS PERÍODOS DE PAGAMENTO EN PERÍODO VOLUNTARIO PARA OS RECIBOS EMITIDOS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PUBLICADO NO BOP NÚM. 58, DO 29 DE MARZO DE 2021

Detectado un erro no anuncio publicado no BOP núm. 58, do 29 de marzo de 2021, procédese a realizar a seguinte rectificación:

Onde dí:

2.^a campaña voluntaria anual: a metade do importe segundo o padrón, o 30 de xuño ou inmediato hábil anterior, e a outra metade, un mes antes do último día do período de pago da voluntaria ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

Debe dicir:

2.^a campaña voluntaria anual: a metade do importe segundo o padrón, o 30 de xullo ou inmediato hábil anterior, e a outra metade, un mes antes do último día do período de pago da voluntaria ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

Polo tanto, o texto definitivo será o seguinte:

ESTABLECIMENTO DE DOUS PERÍODOS DE PAGAMENTO EN PERÍODO VOLUNTARIO PARA OS RECIBOS EMITIDOS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Ata o momento, o pago voluntario dos recibos dos Entes que tiñen delegada a recadación voluntaria dos seus padróns na Deputación, realizábase nun único prazo.

A fin de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, establécese a posibilidade de pagamento voluntario en dous prazos, tanto na 1.^a campaña voluntaria anual como na 2.^a campaña voluntaria anual para todos os entes e conceptos.

Con base no anteriormente exposto establécese para todos os Entes que teñen delegada a recadación destes impostos na Deputación, a partir do exercicio 2021, a posibilidade de pagamento dos recibos en dous prazos:

1.^a campaña voluntaria anual: a metade do importe segundo o padrón, o 30 de abril ou inmediato hábil anterior, e a outra metade, un mes antes do último día do período de pago da voluntaria ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

2.^a campaña voluntaria anual: a metade do importe segundo o padrón, o 30 de xullo ou inmediato hábil anterior, e a outra metade, un mes antes do último día do período de pago da voluntaria ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

Para iso, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A solicitude expresa do obrigado ao pago.
- A domiciliación bancaria destes pagos cos requisitos establecidos nas Normas de xestión de pagos domiciliados reguladas na Resolución da Presidencia núm. 22.665, do 12 de novembro de 2014, ou norma que a substitúa.

Para que a solicitude xurda efectos nun período recadatorio deberá ter entrada na Deputación antes de que se emita, para o seu envío as entidades colaboradoras, a remesa de domiciliacións bancarias do primeiro prazo do dito período voluntario e non ser defectuosas.

O incumprimento de pago do primeiro prazo, comportará a aplicación das regras xerais sobre domiciliacións reguladas na Resolución da Presidencia núm. 22.665, do 12 de novembro de 2014, ou norma que a substitúa.

Este pago en dous prazos non levará consigo a esixencia de xuros de mora.

Os modelos oficiais de solicitude estarán ao dispor dos interesados na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal).

A Coruña, 6 de abril de 2021.

O presidente/PDFR 29-07-2019/O deputado

O secretario

Antonio Leira Piñeiro

José Luis Almau Supervía